



A PRIMEIRA ESCAVACIÓN EN ÁREA DO LUGO ROMANO.

EN 1757 DESCUBRIUSE NA NECRÓPOLE DE SAN PEDRO UN PEQUENO TESOURO DE MÁIS DE 2.000 MOEDAS E 19 ENTERRAMENTOS

Adolfo de Abel Vilela, doutor en Xeografía e Historia

Comezaba o artigo “La sociedad lucense y la arqueología” afirmando que Lugo, capital do antigo convento xurídico lucense, é un enorme xacemento arqueolóxico que se estende máis aló do recinto delimitado polas súas murallas. Decía:

Cualquier obra que afecte al subsuelo evidencia la existencia de restos arqueológicos de distinta importancia, bien edificios, calzadas, necrópolis, cerámicas, vidrios, numismática, musivaria, epigrafía, metalurgia, osamentas, etc. (Abel, 1995-1996, p. 9).

O dito anteriormente constatouse a partir do ano 1986 no que, debido á construción de tres aparcadoiros subterráneos e á aparición de restos arqueolóxicos de distinto tipo e entidade, foi necesario establecer unha normativa que posteriormente se incluíu no PEPRI para descubrir, valorar e protexer esta parte da nosa historia gardada no subsolo da cidade durante séculos. Porén, os responsables municipais, políticos e técnicos ben podían supoñer que unha cidade de orixe romana gardase restos arqueolóxicos, ignorancia que contrasta co coñecemento e respecto que demostraron desde o século XVI algúns dos procuradores xerais e rexedores de Lugo (cando non todos), cando comezamos a ter noticias nas *Actas capitulares* non só dos achados fortuítos, senón tamén do seu interese pola preserva-

ción daqueles edificios notables, como a muralla, os baños ou o acueduto, construcións útiles ou outros de menor entidade que se conservaban no interior do recinto amurallado.

O respecto pola conservación do patrimonio arqueolóxico

Desde o século XVI, varios autores, todos eclesiásticos, entre os que podemos citar a Bartolomé Sagrario de Molina en *Descripción del Reino de Galicia* (1550), frei Manuel Risco no tomo XL da *España Sagrada* (1796) e a Juan Pallares e Gaioso, en *Argos Divina* (1700) séntense orgullosos e marabillados polos restos arqueolóxicos que aínda se conservaban. Porén, non só estes, senón tamén outros eruditos, fixeron eloxio das antigüidades romanas de Lugo, xa que da súa conservación tamén se ocupou o Concello polo menos ata o século XIX e, cando isto non ocorreu corporativamente, fíxoo algún dos seus rexedores individualmente.

A noticia máis antiga que coñecemos é de 1547: ao facer a cimentación para unha casa nas Cortiñas de San Román (Praza Maior) apareceu unha condución subterránea á que lle chaman mina. O 8 de xaneiro, o procurador xeral Rodrigo López de Saavedra, como defensor dos intereses do común ou do pobo, denuncia ante a xustiza e rexedores, é dicir, no Concello,

(...)como se había rompido una mina que va de la torre de Rodrigo Alonso, que ahora hace de nuevo, para que le manden a Rodrigo Alonso y a los oficiales que no la rompan ni obturen y la dejen estar, e ir enterrar como estaba, y por cuanto Rodrigo Alonso y sus oficiales la rompió, que luego le manden la vuelva a cerrar según estaba, y no edifiquen sobre ella ni en perjuicio de la dicha mina, atento que según es notorio fue hecha para seguridad de esta ciudad y provecho de ella y su defensa¹.

Como se ve, consideraban o que con toda probabilidade sería unha cloaca romana como un pasadizo subterráneo para entrar e saír da cidade en caso de asedio, uso que seguramente tivo na Idade Media.

Á vista desta petición manifestaron que “estaban prestos de irlo a ver por vista de ojos y proveer sobre ello lo que sea justo”. Unha vez vista a mina e a súa bóveda, ordenaron a Rodrigo Alonso das Camoiras que nin el nin os oficiais edificasen nin puxesen nada sobre ela, co fin de impedir

(...)deshacer y perjudicar la obra y edificio antiguo que estaba hecho, y que no quite piedra ni otra cosa de ella, y vuelva a cerrar y hacer, y haga la dicha bóveda y mina según de la manera que antes estaba, y si quisiere edificar, edifiquen sin profundar a la mina y caminos de debajo de tierra².

Impoñíanse multas de 50.000 maravedís en caso de incumprimento, co apercibimento de que se non o facían á súa costa,

(...)mandaremos cerrar la dicha mina, y que ningún oficial sea osado de edificar sobre la dicha mina ni abrirla, so la dicha pena (...) atento que la dicha mina estaba cerrada según les consta por vista de ojos, y la abrieron y rompieron³.

En 1840 volveuse descubrir esta cloaca, ao encargarse que pescudase a súa dirección o concelleiro Saturnino Castilla, profesor do instituto e topógrafo.

Outro achado importante do que se ocupou o Concello foi o descubrimento en 1777 de medio centenar de pedras na Porta Nova ao arranxar a rúa nese lugar. Podemos intuír que este achado casual foi a localización doutra gran necrópole, hoxe confirmada pola arqueoloxía, pois algo especial terían esas pedras para deixar constancia da súa aparición nas *Actas capitulares*. Polo menos cinco deberon ser colocadas nesa parte da muralla para a súa conservación.

O asistente das obras manifestou que “en la [calle] de junto la Puerta Nueva se hallaron, bajo tierra, unas cincuenta piedras de cantería”⁴, ao acordar que o procurador xeral, Agustín Álvarez de la Iglesia, as destinase a obras públicas “así en el reparo que necesita dicha puerta, como en la de San Pedro”⁵. Lembramos que nesta última porta apareceron os epígrafes de Saturninus, liberto de Augusto, e tamén o dedicado a Augusto César por Paulus Fabius Maximus. É posible que os atopados distribuídos pola muralla por Alejo Andrade Yáñez, que fixo a reforma xeral arredor do 1837 e que hoxe están depositados no Museo Provincial, procedan deste achado.

1 Caixa 1. Atado. 1. *Actas capitulares de 1547*. Consistorio 8-01. AHP de L. A.

2 *Ibidem*.

3 *Ibidem*.

4 Caixa 66. Atado 102. *Actas capitulares de 1777*. Consistorio 5-07. AHP de L. A.

5 *Ibidem*.

OK
 NAG
 IACI
 TISTI
 TRO
 ETAE
 CATR
 VGLIE



Fig. 2. Fragmento do epígrafe dedicado a Augusto César por *Paulus Fabius Maximus*. Imaxe: Museo Provincial de Lugo.




Fig. 3. Epígrafes na Porta Nova. Imaxe: Arquivo de Salvador Castro Freire. Museo Provincial de Lugo.

Todo parece indicar que estas pedras procedían da necrópole que hoxe sabemos que existía nesa zona e que algunhas tiñan inscricións, segundo se deduce das noticias que dá o arqueólogo e profesor da Universidade de Oxford Ian Archibald Richmond, sobre materiais epigráficos procedentes das murallas, especialmente cando cita como lugar de procedencia a Porta Nova e o arranxo de rúas (Arias, 1972, pp. 66 e ss.).

Entre os epígrafes están as estelas funerarias dedicadas a Cassia Antipatra por Lucius Septimius Hermetros, a dedicada a tres membros da familia Bulenus, a de Marcus Valerius Fronto a Valeria Frontila, a dedicada a Cara e o baixorrelevo que varios estudosos identifican como Xúpiter, pezas que estiveron expostas na Porta Nova cedidas polo Concello o 10 de agosto de 1918 con outras que estaban na muralla por solicitude da Comisión Provincial de Monumentos para o museo que se estaba formando, hoxe depositadas no Museo Provincial.

O respecto e coidado que se tiña pola conservación *in situ* dos restos arqueolóxicos, evidénciao Pallares na obra antes citada, en relación cun promontorio de seixos que todo parece indicar que era de formigón romano (*opus caementicium*) que existía na Praza Maior, unidos con argamasa da mesma fortaleza que os do Baño⁶ e a fonte do Castiñeiro, é dicir: do acueduto "y muchos se persuaden, fue artificio de los romanos, para cerrar la entrada de las minas, y abrirla cuando importase (Pallares, 1700, p. 19)". Parece que estes restos romanos se utilizaron como base do rolo trasladado no segundo terzo do século XVI ás inmediacións da Porta de San Pedro ao pasar a feira mensual de gandos aos campos de San Roque e de San Pedro, espazo onde estaba a necrópole da que imos falar (Abel, 1999, pp.21-25).

Aínda que non é un exemplo de conservación do patrimonio arqueolóxico, un promontorio parecido debía existir no que hoxe é a praza de Ángel Fernández Gómez, posiblemente os restos da estrutura dun edificio do foro romano, talvez pertencente ao atopado na ampliación do Concello, que se consideran da basílica. O 25 de novembro de 1836, o recente nomeado alcalde Buenaventura Miguel Pla xustificáballe ao comandante xeneral da provincia, Carlos Tolrá, a demolición dun cruceiro para coidar da moral pública.

6 É o conxunto arqueolóxico que impropriamente chamamos termas. Na Idade Media chámase *balneum* e na Moderna, desde o século XVI, baño.

Dicíalle que cando tomou posesión da alcaldía

(...) hice presente al Ayuntamiento entre otras la necesidad de desmontar la eminencia que existe en la plazuela llamada del Crucero de la Nova, más para que se verificase era indispensable la demolición de aquel (B.O.P. L., 11-12-1836, nº 95), por consideralo de rigorosa xustiza por los excesos que se cometían nocturnamente en las escaleras que servían de basa y que la decencia no permite describir (Íbidem).



Fig. 4. A segunda grande escavación en área fixoa en 1831 Alejo Andrade Yáñez. Imaxe facilitada por Julio Reboredo Pazos.

Cando o Concello como Corporación tomaba un acordo que prexudicase a restos arqueolóxicos, sempre había algún membro, xa fose o procurador xeral ou un rexedor, que saía na súa defensa. En 1724, Manuel de Robra di que como mordomo correspondíalle organizar as funcións na honra da Virxe do Rosario, a patroa do Concello, e quería facer algunhas festas de praza, e dicir, unha corrida de touros, "y por cuanto serle de mucho estorbo para ellas el empedrado que se halla en dicha plaza, suplica a la Ciudad se sirva darle su permiso para que se quite, atendiendo a no ser de útil alguno"⁷. Esta é a visión común e lóxica do ignorante compartida pola maioría que lle concedeu a autorización, porén contou coa oposición do rexedor José Froilán Vaamonde que, como individuo ilustrado, sabía "que el empedrado que se mandaba deshacer es un vestigio de los más antiguos que tiene el lugar, y demuestra su fábrica serla de tiempo de los romanos, citada por tal en diversas

historias, y de la grandeza de esta ciudad"⁸, e que para a súa memoria se conservase durante centos de anos e ademais pola conveniencia pública, pois utilizábase para sentar ao fresco as tardes de verán e no inverno servía para poñer á venda os grans do mercado con comodidade polas augas. Con esta opinión o rexedor demostraba a tripla utilidade da conservación deses restos arqueolóxicos: como memoria da orixe da cidade e como unha estrutura útil por ter un pavimento posiblemente de *opus signinum*, xa que o resto da praza foi de terra ata que se pavimentou en 1831.

O descubrimento da necrópole de San Pedro

A aparición dun pequeno tesouro ao facer os cimentos dunha casa situada fronte a capela de San Pedro de Fóra, na actual praza dos Mártires de Carral, deu lugar a que entre os meses de febreiro e maio de 1757 se realizase a prospección que deu lugar á primeira escavación en área do Lugo romano por expreso desexo do rei Fernando VI o cal, despois de ser informado do achado, ordenou que se continuase cos traballos por se aparecía "alguna antigüedad".



Fig. 5. Fernando VI, rei de España, copia de Louis-Michel van Loo. Imaxe: Museo Nacional del Prado.

7 Caja 29. Leg.49. *Actas capitulares de 1724*. Consistorio 2-09. AHP de L. A.

8 *Íbidem*.

Esta desenvolveuse nas dúas últimas semanas de maio e terminou o 4 de xuño, supervisada polo rexedor e intendente provincial. Nela traballaron seis obreiros e investíronse 420 reais. A segunda escavación dunha gran superficie fíxoa en 1831 o arquitecto académico Alejo Andrade Yáñez ao pavimentar a Praza Maior, e elaborar un informe para a Real Academia da Historia no que referiu os achados.

O descubrimento casual dun pequeno tesouro que se atopaba no interior dunha sepultura, foille comunicado o día 6 de febreiro ao intendente do Reino de Galicia, José de Avilés Iturbide, marqués de Avilés, por Andrés Froilán Mosquera Valdivieso e Montenegro, xuíz subdelegado da Intendencia Xeral en Lugo e a súa provincia, un cargo equivalente ao de xefe político ou gobernador civil, rexedor e corrixidor ou administrador polo rei do estado de Parga incorporado á coroa.

O intendente, á súa vez, seguindo a orde xerárquica, deu conta do achado ao tenente xeneral Sebastián de Eslava e Lazaga, ministro da Guerra, ao que lle comunicou que ao abrir os cimentos para unha casa fóra das murallas da cidade de Lugo e "inmediata a uno de sus castillos" (despois falaremos da probable existencia nese momento doutro nas inmediacións) acháronse neles dous nichos ou sepulturas de inhumación cunha distancia de tres varas (2,50 m) entre si, unha de ladrillo con ósos humanos e outra cuberta cunha pedra de mármore branco que contiña unha porción de moedas de cobre de diferentes efixies e figuras, moi maltratadas pola humidade da terra e tan roídas que apenas se distinguían as letras das súas inscricións.

Ao deducir o subdelegado da provincia e rexedor que era moi probable que nas inmediacións daquel terreo se atopasen outras antigüidades, deu parte do achado ao intendente, que lle ordenou o día 11 que facilitase unha información clara, facendo unha descrición do sitio coas medidas da súa profundidade, lonxitude e latitude, engadindo as noticias que para o caso considerase útiles, sen permitir que ninguén tocase, movese, nin cavase naquel terreo e que, recollese todas as moedas que se atopasen e remitira algunhas, deixando as demais en depósito, para informar o rei, quedando a cargo do que ordenase. Para iso debía tomar as declaracións convenientes dos suxeitos que puidese.



Fig. 6. Plano da localización do xacemento arqueolóxico da necrópole romana do Campo de San Pedro. Arquivo de Simancas.

O 22 de febreiro, José de Avilés dá-lle máis detalles do descubrimento ao ministro da Guerra, ao que lle dicía:

Que habiéndose abierto los cimientos de una casa (fuera de las murallas de dicha ciudad) del lado del castillo, se halló en ellos un nicho de ladrillo con algunos huesos de difunto, y a distancia de tres varas, otro más pequeño cubierto de una piedra de jaspe blanco con porción de monedas; que después de haberse limpiado algunas (en la forma, que se pudo) parece ser de cobre con diferentes efigies y figuras (no muy distinguidas) por estar penetradas de la humedad de la tierra y consumidas del tiempo⁹.

Ao mesmo tempo que facilitaba esta información, o intendente fixo unha selección das moedas cun primeiro envío de sesenta: corenta e cinco das menos maltratadas e quince tal como apareceran, despois de limpalas do lodo e da terra que tiñan, para que llas ensinasen ao rei e se lle dixese se se debía continuar co descubrimento ou deixalo no estado no que quedara para que tomar el as disposicións que se lle ordenasen.

O rei viu as moedas e debeu parecerlle de interese o achado; dispuxo que se continuase a escavación e que se remitisen todas as moedas que se atopasen. Engadiu que o intendente que quedaba ao seu coidado lle enviase na primeira ocasión todas as demais moedas que se puidesen xuntar.

9 Atados. 03914. Secretaría de Guerra. Archivo General de Simancas (AGS).

A explicación do plano

Pode sorprender que xa se tomasen en 1757 medidas ou precaucións similares ás que se aplican hoxe na exploración dos sitios arqueolóxicos e na súa escavación, como as indicadas anteriormente, para evitar a destrución ou perda de información e o levantamento dun plano para deixar constancia gráfica da localización e características do xacemento.

O 15 de marzo o intendente enviáballe a Sebastián de Eslava o plano do terreo onde se acharon as moedas coa súa explicación e coa advertencia de que, polas noticias que lle continuaba a enviar o subdelegado, prometía outros descubrimentos e antigüidades e que, polo correo dese mesmo día, conforme á orde que se lle daba, mandáballes que

(...) prosiguiése superficialmente en las diligencias y excavaciones, que sean necesarias hasta el desengaño, pero notando no asegurarse que por esta diligencia no de alguna evidencia su operación, que la suspenda, avisándome de las resultas para advertirle de lo conveniente que será sobre el propio supuesto¹⁰.



Fig. 7. Lenda do plano. Arquivo de Simancas.

O título do plano é "Plan del barrio que llaman fuera de la Puerta de San Pedro de la ciudad de Lugo", que, como xa dixemos antes, xunto co chamado Campo de San Roque era o lugar no que se celebraba a feira do gando desde o segundo terzo do século XVI.

A porta da muralla está sinalada co n.º 12, a vía de entrada á cidade co n.º 2 e o camiño que transitaba ao redor da muralla desde dita porta co n.º 3. Vemos como existen dúas casas de costas á muralla no cubo esquerdo e ao seu lado unha horta ao pé da muralla (n.º 5), oito casas formando unha mazá con tres hortas cara ao oeste e outros dous lindeiros coas do achado do pequeno tesouro, sinaladas co n.º 4 e denominadas "Casas de Administración". Da que está de costas á muralla dise que o edificio é novo e que ten, aproximadamente 130 varas (108 m).

¹⁰ *Ibidem*.

A sinalada co nº 9, que se destaca en vermello, é a do descubrimento das dúas sepulturas que aparecen cortadas polo muro situado cara poñente: Casa que se fabrica de nuevo en donde se descubrieron los dos nichos, el uno con huesos y el otro con monedas¹¹.

O edificio sinalado co nº 6, é a capela de San Pedro de Fóra e é a primeira vez que temos información gráfica algo máis detallada da súa planta. Non sabemos cando se fundou e a razón parécenos que está relacionada coa peregrinación a Santiago de Compostela. Debeu ser construída entre 1147 e 1176 debido a que antes da primeira data á porta da muralla inmediata a esta chámase Toledana e na última de San Pedro, nome que tamén se lle dá á rúa antes chamada do Burgo Novo.



Fig. 8. A muralla cos edificios onde estivo o castelo entre as portas *Castelli* e de San Pedro. Imaxe: Adolfo de Abel Vilela.

Pola súa localización entre as portas de San Pedro e *Castelli*, esta última desaparecida, á entrada dos camiños de peregrinación Primitivo e Francés, seguramente era un pequeno lugar de acollida para os peregrinos que chegaban ás portas da muralla cando xa estaban pechadas, como o era a capela de San Pedro en Compostela, xa que os hospitais ou albergues estaban no interior. Só o de San Miguel na Porta Miñá estivo fóra nalgún momento e a igrexa da Virxe do Camiño, hoxe do Carme, tería a mesma función. Non hai que descartar que xunto coa de San Roque, sexan a cristianización de pequenos templos romanos dedicados aos lares dos camiños, o equivalente ao san Cristobo cristián dos camiñantes.

Por varios documentos coñecemos que o edificio era de pequenas dimensións, con espadana na fachada e cemiterio para enterrar aos pobres, e segundo o grafo no plano, tiña planta rectangular, e, pola anchura da entrada, parece que tiña un pórtico. Sabemos que se reconstruíu en varias ocasións: en 1631 reedificouse a expensas do bispo Diego Vela Becerril e en 1667 estaba de novo arruinada. Un século despois, en 1767 nomeáronse peritos que declararon que necesitaba fabricarse *a cimentis*. En 1842 xa estaba sen cuberta e en 1854 derrubouse despois de esborrallarse un lateral ao ser perigoso o seu estado pola concorrencia de persoas no lugar os días da feira (Abel, 2009, pp. 274-277).

O outro edificio importante é o identificado co nº 13, que se describe así: Castillo que se halla en la muralla en donde está la Cárcel Eclesiástica y desde este al edificio nuevo hay de longitud 163 varas¹².



Fig. 9. As casas mandadas construír polo bispo Izquierdo onde estivo o castelo. Imaxe: Adolfo de Abel Vilela.

O castelo xa se derrubara e o edificio novo ten que ser o das dúas casas que mandou construír o bispo frei Francisco Izquierdo, destinadas a crear un fondo coa súa renda anual para a conservación do acueduto e das dúas fontes públicas que acababa de construír entre 1753 e 1754. O cárcere eclesiástico estaría en construción e na obra tamén se atoparon dúas moedas. Chama a atención que nos escritos se falese de castelos, polo que podería ser que se conservase al-

¹¹ *Ibidem*.

¹² Atados. 03914. Secretaría de Guerra. Archivo General de Simancas (AGS).

gún elemento do que construíu o infante don Felipe sobre a Porta de San Pedro a principios do século XIV, antes da reforma que sufriu en 1781. Co nº 14 indícase a cidade dentro das murallas.

A intervención do numismático padre Panel

Para valorar o pequeno tesouro, o 4 de marzo de 1757, solicitaron a opinión dun experto: o padre xesuíta Alejandro Javier Panel, numismático, anticuario e preceptor de Fernando VI e dos seus irmáns, creador dos primeiros Gabinetes de Numismática e de Antigüidades na Biblioteca Real e en 1750 o Numario da Real Academia da Historia fundada por Felipe V o 18 de abril de 1738. O 30 de xuño de 1743 nomeárono conservador do Gabinete de Medallas da Biblioteca Real (creado a imitación do *Cabinet de Médailles* de Francia) acrecentou a colección iniciada por Felipe V grazas ao seu confesor, o tamén xesuíta Pedro Robinet, que xa contaba con vinte mil moedas en 1716, unha colección que pasou en 1836 á Biblioteca Nacional e despois ao Museo Arqueolóxico Nacional. Panel ordenou e clasificou a colección, formou os índices razoados e enriqueceuna en 1746, ao encargarlle Felipe V a adquisición en París do coñecido monetario do abate Orleans de Rothelin, polo que se pagaron 360.000 reais, do que Panel redactou un catálogo. Por este motivo, asinou algunha das súas obras como "Intendente del Tesoro Real de Medallas" (Almagro, 2018).



Fig.10. Felipe V, rei de España, por Jean Reanc. Imaxe: Museo Nacional del Prado.

O 4 de marzo Fernando VI xa estaba informado do descubrimento e vira as primeiras sesenta moedas, polo que manifestou o seu desexo de que se continuase o descubrimento e de que lle remitisen todas as moedas que se atopasen. Na mesma data, desde o palacio do Buen Retiro, dan conta do achado ao padre Panel e envíanlle as moedas para o seu exame. Coméntanlle que

(...) habiéndose abierto a la inmediación de la ciudad de Lugo y cerca de uno de sus castillos los cimientos de una casa, se hallaron en ellos dos nichos distantes entre si de tres varas, el uno de ladrillo, con huesos de cadáver humano, y el otro cubierto de una piedra de jaspe blanca con porción de monedas de cobre de diferentes efigies y figuras, enterado el Rey de este descubrimiento ha mandado que se continúe en él siendo posible que a las inmediaciones de aquel terreno se encuentren otras antigüedades, y que interin se pasaran a mi mano todas las demás medallas que se hubieren encontrado se reconozcan y examinen por vuestra reverendísima las 60 que acompañan,

deduciendo de sus inscripciones a que tiempo se deben reducir, que dominación indican, si patricia o extranjera, y últimamente su valor, y si su uso era general en España, o limitado a alguna provincia o dominio de distrito particular (Íbidem).

O 8 de marzo, José de Avilés, nunha carta dirixida a Andrés Froilán Mosquera, dáballe conta do desexo do rei de que se continuase co descubrimento e de informar de todas as circunstancias que producise "este monumento de antigüedad" (Íbidem).

O 30 de marzo José de Avilés comunicáballe a Sebastián de Eslava que en consecuencia da orde do rei que lle transmitira o día 8,

(...) pasé a manos de V. E. en un saquito de lienzo hasta dos mil monedas o medallas por limpiar, y ochenta y cuatro algo purgadas, habiendo entre ellas algunas muy diferentes de las otras, y con especialidad la una con la figura de una cierva y dos criaturas humanas que se hallaron (a más de las remitidas) en los cimientos de la casa enunciada junto a el castillo de la ciudad de Lugo, participando a el mismo tiempo a V. E. se queda continuando en el descubrimiento de lo demás, que pueda encontrarse en el propio paraje, como S. M. Manda (Íbidem).

A suposta cerva e os dous nenos serían a loba capitolina aleitando a Rómulo e Remo, motivo frecuente nas moedas romanas.



Fig. 11a. Moeda de Constantino I. Primeiro terzo do século IV. Anverso: Alegoría de Roma. Imaxe: Museo provincial de Lugo



Fig. 11b. Reverse: Loba Capitolina aleitando a Rómulo e Remo. Arriba dúas estrelas de oito puntas. En exergo: R-coroa-Q. (Roma). Imaxe: Museo Provincial de Lugo.

As características das sepulturas

Coa mesma data e no mesmo correo, o intendente informa de que se continuaba nos descubrimentos de Lugo, de que nunha carta á parte dáballe conta das medallas ou moedas que remitía e de que en cinco días nos que se traballou con seis peóns,

(...) se han hallado diferentes nichos o cavidades, fabricadas sólidamente con ladrillos de cuatro palmos de ancho, y de largo, teniendo tres dedos de grueso entremetidos con otros de a palmo, habiéndose encontrado en estos nichos dos piedras de mármol sin inscripción manifiesta hasta ahora, la una, de una vara de largo, media de ancho, y tres o cuatro dedos de grueso; la otra de una tercia de largo, y poco menos de ancho, con diferentes huesos, una calavera con dos estribos de hierro, y que unos y otros se deshacen con solo tocarlos (Íbidem).

Desta información chaman a atención dúas cousas: o constatar que dúas das sepulturas tiñan lauda ou tapa de mármore branco e sen inscrición (un material non habitual nos achados do Lugo romano) e a aparición duns estribos.



Fig. 12. Reprodución dunha sepultura de inhumación formada con tégulas na sala Porta Miñá. Imaxe: Adolfo de Abel Vilela.

Sobre a tipoloxía dos sepulcros debemos dicir que coincide cos descubertos nas escavacións contemporáneas realizadas nas necrópoles atopadas na cidade, especialmente a desta zona, que para a delimitación ou confección da caixa das sepulturas utilizaban ladrillos, tégulas e laxes de lousa.

Tamén sabían que *Lvcvs Avgvsti* fora fundada co motivo das Guerras Cántabras, aínda que se equivocaban no referente á época na que se construíu a muralla que supoñían que completaran os seguintes invasores, que serían os suevos:

Y como esta ciudad fue erigida por Augusto César en la Guerra de Cantabria, haciéndolo convento jurídico y chancillería, levantándola de muros fuertes que aumentaron los suevos, vándalos y silingos andaluces constituyéndola corte suya, hacer persuadir puede haber otras memorias, sobre que he prevenido al subdelegado de aquella ciudad, que continúe en esta operación hasta algún desengaño o fundada noticia y que con ella mande S. M. lo que sea más de su soberana y real voluntad (Íbidem).

Aquí demostrase o interese por descubrir restos arqueolóxicos de edificios ou monumentos.

A Memoria da escavación

O 8 de xuño o intendente informaba ao ministro da Guerra de que, coa última noticia que recibira do subdelegado Andrés Mosquera, que era a relación sobre o descubrimento das moedas, remitíalle "dos monedas que se encontraron en otra obra que está haciendo el obispo de aquella ciudad" (*Ibidem*). A obra era no lugar onde estivera o castelo, que xa fora derrubado, e onde frei Francisco Izquierdo comezou a construír un novo cárcere eclesiástico. Como é obrigatorio nas escavacións actuais, o 5 de xuño, Andrés de Mosquera Valdivieso e Montenegro fixo un relato, que podemos considerar como unha memoria da escavación, no que se recolle todo o proceso seguido desde o 6 de abril, cando se recibiu a orde de continuar a prospección.

Despois de desembarazar o terreo onde se presumía que podía haber algunhas antigüidades (polo que se deduce do escrito, pensaban en estruturas de edificios) proseguiron a escavación nas dúas últimas semanas, que remataron o día 4 de abril

(...) y solo se hallaron diferentes nichos así de piedra y ladrillos, algunos con ladrillos grandes de tres cuartas en cuadro, y tres de dos de grueso, que se hallan seis enteros, y guardados, y otros con la demasiada humedad se rompieron, otros nichos tenían ladrillos de media vara de ancho, con una doblez a los lados que harían la figura que va al margen¹³, con sus tejas encima para que no se introdujese agua, con su lastre de ladrillos, al redor destes ladrillos una pared de pizarra de cuarta de ancho, y más, con su cal fuerte como argamasa dentro del nicho, cal y tierra, y más cal que tierra sin otra cosa¹⁴.

Considerando que o descubrimento do nicho coas moedas fora unha casualidade, e que non se atoparían outras cousas, ordenou suspender a escavación a partir do día 6 "por no sacarse máis que gastos, los que importan los hechos hasta aquí, en este descubrimiento cuatrocientos y veinte reales vellón"¹⁵. El non cobrou por estar presente controlando o traballo por se

13 Debúxase como unha V invertida para representar a forma en U dunha tégula ou tella plana.

14 Atados. 03914. Secretaría de Guerra. Archivo General de Simancas (AGS).

15 *Íbidem*.

casualmente “se halla alguna cosa para asegurar todo, y pasar a nuevo reconocimiento siempre que le halle preciso”¹⁶, e a continuación informaba de que naqueles días, coa mesma casualidade, ao abrir uns cimentos na obra que o bispo estaba a facer onde estivera o castelo, polo interior da muralla

(...) se hallaron esas dos monedas grandes que una de ellas el nombre principal no sé si dice Augusto, si Rechilgo, y sigue Aureliano César, la otra no tiene letras, y ambas las incluyó sin que se hubiesen hallado otras¹⁷.



Fig. 13. Cárcere eclesiástica e porta *Castelli*

O resultado desta escavación, que podemos considerar como o inicio da arqueoloxía en Lugo, foi atopar máis de dúas mil moedas e dezanove sepulturas de inhumación correspondentes á gran necrópole situada nas inmediacións da vía XIX fronte ao castelo cuxa porta, a *Castelli*, sería na época romana a principal de entrada á cidade, dando acceso ao foro, e que se redescubriu primeiro ao facer a estación de autobuses e despois o aparcadoiro da praza da Constitución sen ter noticia deste achado, o que revela a utilidade da investigación histórica para a localización de xacementos e tamén para evitar a destrución do patrimonio arqueolóxico.

Bibliografía

Abel Vilela, A. de,. (1995-1996). La sociedad lucense y la arqueología, *Boletín do Museo provincial de Lugo*, nº 7, vol.1, p. 9

Abel Vilela, A. de, (1999). *Urbanismo y Arquitectura en Lugo. La Plaza Mayor*, A Coruña, pp. 21-25.

Abel Vilela, A. de, (2009) *La ciudad de Lugo en los siglos XII al XV. Urbanismo y sociedad*, Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, pp., 274-277.

Almagro Gorbea, M., Voz : Panel, Alejandro Javier. *Diccionario Biográfico Español de la Real Academia de la Historia*.

Arias Vilas, F., (1972). *Las Murallas romanas de Lugo*, Santiago de Compostela, pp. 66 y ss.

Pallares e Gaioso, J., (1700). *Argos Divina*, Santiago, p. 19.

16 *Ibidem*.